

## Ex-colexiata de Iria Flavia



Imaxe: Iago Pillado

### Descrición

O primeiro templo de Iria foi arrasado no século X por Almanzor, para posteriormente, no século XII, o Arcebispo Xelmírez ordenar a súa reconstrución, converténdoa en colexiata. Foi sé episcopal desde o século V até o 1095, colexiata até 1895, e a partires desta data pasou a ser parroquia maior, dedicada a Santa María.

A edificación é de estilo gótico, coa planta en cruz latina de tres naves con cruceiro e dúas capelas acaroadas nos extremos. Presbiterio manifestado na planta e no alzado. Fachada con pinche na nave central, destacando sobre as naves laterais, máis baixas. Ten un [reloxo de sol](#). A parte inferior da fachada constitúe o único resto da antiga colexiata, no remate do románico. As naves están separadas por esteos de sección cadrada, con grandes pilastras que soportan o entaboamento continuo e arcos de medio punto. As naves laterais cóbrense de aresta, e a central con bóveda de medio canón, con lunetos, separada do cruceiro por unha reixa de ferro forxado. O retablo maior situado no seu interior está datado no século XVIII e é obra do escultor Romay. As torres son de estilo neoclásico, planta cadrada e perpiaños de granito. A fábrica é sinxela, coa imposta en bo relevo, vans de arco de medio punto con balconciño e remate deste con balaústres, sobre a cornixa. Enriba, pirámide con sucesivos beirís.

A capela do lado norte, do século XVIII, é a do Sagrario, dedicada á Virxe de Belén. A capela do lado sur, datada no século XVII (1666), é obra do arquitecto Melchor de Velasco. Ten planta rectangular formada por capela de planta cadrada e capela de culto acaroadá á mesma, formando presbiterio ou cabeceira. Perpiaños de granito. Comunícase co brazo sur do cruceiro por arco de medio punto sobre pilastras e frontón recto, agudo, partido co escudo de Alonso de la Peña e Monteagudo. Capela funeraria de planta cadrada con apoio de dobre pilastras nas esquinas, e cúpula cega. No lado leste, sepulcro e estatua orante do Arcebispo de Quito. Cabeceira de pilastras soportando entaboamento de formas robustas con bóveda de canón.

O adro é de planta irregular, que na parte anterior preséntase como un rectángulo, pechado por un muro de moi boa construción, con pasamáns moldurado e porta de entrada con escalinata en abano, de chanzos con moito voo, e dous grandes esteos moi moldurados.

<b>INFORMACIÓN</b>	
<b>TIPOLOXÍA</b>	Arquitectura relixiosa
<b>CRONOLOXÍA</b>	Século XII
<b>CONCELLO</b>	Padrón
<b>PARROQUIA</b>	Santa María de Iria Flavia
<b>REFERENCIAS</b>	<p>Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, aprobado o 27 de xullo de 1994</p> <p>Patrimonio Galego (<a href="http://patrimoniogalego.net/index.php/8970/2011/11/ex-colexiata-de-iria-flavia/">http://patrimoniogalego.net/index.php/8970/2011/11/ex-colexiata-de-iria-flavia/</a>)</p> <p>El sepulcro del arzobispo compostelano Don Rodrigo de Luna en Iria Flavia (<a href="https://www.researchgate.net/publication/272718806_El_sepulcro_del_arzobispo_compostelano_Don_Rodrigo_de_Luna_en_Iria_Flavia">https://www.researchgate.net/publication/272718806_El_sepulcro_del_arzobispo_compostelano_Don_Rodrigo_de_Luna_en_Iria_Flavia</a>)</p> <p>Roteiro Rosalía de Castro   De Padrón polos camiños (<a href="https://rosalia.gal/que-facemos/actividades/roteiro-rosaliano-de-padron-polos-caminos/">https://rosalia.gal/que-facemos/actividades/roteiro-rosaliano-de-padron-polos-caminos/</a>)</p> <p>Ruta Rosaliana   As pegadas de Rosalía</p>

	<p><a href="https://www.rutarosaliana.gal/a-ruta-rosaliana/">(https://www.rutarosaliana.gal/a-ruta-rosaliana/)</a></p> <p>Reloxos de sol de Galicia (<a href="https://reloxosdesol.wordpress.com/">https://reloxosdesol.wordpress.com/</a>)</p> <p>Padrón Turismo (<a href="https://www.padronturismo.gal/wp-content/uploads/2020/07/folleto-sta-maria-ria_gl.pdf">https://www.padronturismo.gal/wp-content/uploads/2020/07/folleto-sta-maria-ria_gl.pdf</a>)</p>
--	---

## XEOLOCALIZACIÓN

COORDENADAS

42.745843329678 , -8.655060653386



\* Información obtida da páxina web [obaixoulla.gal](http://obaixoulla.gal). Xeolocalización a partir da información de [mapas.xunta.gal](http://mapas.xunta.gal).